



## MEMORIA DE CALIDADE

Escola Universitaria de Traballo Social

Curso Académico: 2022/2023

Control de elaboración e aprobación

Unidade/Órgano	Data entrega ou aprobación
Comisión de Calidade da EUTS – Elaboración	30/05/2024
Informe técnico provisional da SCVTI – Revisión Facultativa	12/11/2024
Comisión de Calidade da EUTS – Revisión	16/12/2024
Informe técnico definitivo da SCVTI	24/12/2024
Xunta de Centro da EUTS	15/01/2025
Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno	28/02/2025

## Índice

1. <b>Introdución</b> .....	2
2. <b>Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados</b> .....	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	11
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	16
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	222
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	25
Directriz 6. Información pública .....	28
3. <b>Plan de Melloras do centro</b> .....	30
4. <b>Modificacións no título</b> .....	44
5. <b>Listaxe de evidencias e indicadores</b> .....	45

## 1. Introducción. Sistema de Xestión de Calidade do Centro

### 1.1. – Presentación da Memoria de Calidade

A Memoria de Calidade da Escola Universitaria de Trabajo Social que se presenta neste documento mostra o funcionamento do Grao en Trabajo Social e do Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro (SGIC) referido ao curso 2022-23.

### 1.2. – A Escola Universitaria de Trabajo Social

- *Orixe e estrutura orgánica*

A Escola Universitaria de Trabajo Social ten a condición de centro adscrito á USC desde 1983, e imparte o Grao en Trabajo Social desde o curso 2010-2011. A Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales é a que ostenta a personalidade xurídica deste centro desde o ano 1999. Esta Fundación foi declarada de interese galego e de interese docente pola Xunta de Galicia.

Os órganos colexiados do centro vinculados ao desenvolvemento do SGIC son a Comisión de Calidade do Centro (CCC) e a Comisión de Título (CT).

A estrutura da Comisión de Calidade do centro é a seguinte:

- Directora do centro
- Responsable de Calidade
- Coordinadora de Título
- Representante do persoal administrativo
- Alumno/a titor/a
- Dous representantes do profesorado

Forman parte da Comisión de Título:

- Directora do centro
- Responsable de Calidade
- Coordinadora de Título
- Representante do persoal administrativo
- Representante alumnado
- Catro representantes do profesorado (coordinadora de practicum e tres coordinadores de curso)

A Comisión de Título analizou a información para elaborar a Memoria de Calidade, e do seu resultado derivan as propostas de mellora que son aprobadas pola Comisión de Calidade do Centro. Esta última avalía as propostas de mellora en marcha e deseña as novas propostas que se consideran procedentes. O documento provisorio da memoria de Calidade terá a condición de definitivo tras a súa aprobación pola Xunta de centro

A documentación utilizada para a elaboración da Memoria foi:

- [Manual do SGIC](#)
- [Memoria do título de grao](#)
- [Plan estratéxico do centro](#)
- [Informe final para a renovación da acreditación do título \(2022\)](#)
- Actas de Xunta de Centro, Comisión de Calidade e Comisión Académica
- [Memorias de actividades de la Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales](#)
- Informe de Coordinación do curso 2022-23

-Informe Técnico da Área de Calidade da USC sobre a Memoria de Calidade da EUTS 2020-2021.

-Documentación e datos aportados desde a Area de calidade e mellora de procesos da USC

- *Catálogo de Titulacións oficiais impartidas no curso 2022-2023*

Na actualidade, na EUTS impártese a titulación de Grao en Traballo Social

**Grao en Traballo Social**, 4 anos, 240 ECTS

Data acreditación ex ante (verificación): 30/06/2010

Curso de implantación: 2010/2011

Data renovación acreditación polo Consello de Universidades: 18/01/2023

Modalidade de impartición: Presencial

Ao inicio do curso 2022-23, en relación aos procesos de calidade, recíbese o Informe provisional da ACSUG ao respecto da renovación da acreditación do Grao en Traballo Social, e presentáronse consideracións ao mesmo de cara a súa aprobación. O Informe final de avaliación da ACSUG ten data de 18 de novembro de 2022. O Consello de Universidades declarou renovada a acreditación do título a través da [Resolución de 18 de xaneiro de 2023](#).

- *Persoal adscrito ao centro e titulación: alumnado, PDI e persoal PAS*

Matricula total alumnado: 320 alumnos/as

Docentes 16 persoas, 9 en réxime de adicación exclusiva. O profesorado con adicación parcial impartiu o 13,64% dos créditos, recaendo o 86,36% da docencia no profesorado a tempo completo. Do profesorado do curso, 10 teñen a titulación de doutor/a

PAS: 1 persoa a tempo completo e 3 a tempo parcial en administración e negociado. 1 persoa en biblioteca e 1 persoa no servizo de limpeza.

### 1.3.- Sistema de Garantía de Calidade do Centro: Sistema Interno

A particularización do SGIC da USC ás características da EUTS, como centro adscrito á USC, foi avaliada conforme as directrices establecidas na documentación Vixente do Programa FIDES-AUDIT para o deseño e desenvolvemento do Sistema de Garantía Interna de Calidade da formación universitaria por parte da ACSUG (Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), obtendo informe positivo e con certificado nº 15/11 con data de emisión 15 de decembro de 2011.

No curso 2021-2022 tivo lugar a segunda avaliación para a acreditación do Grao en Traballo Social da EUTS recibindo informe favorable da ACSUG con data 21 de novembro de 2021 e Resolución do *Consejo de Universidades*, pola que **se renova a acreditación do título** universitario oficial de Graduado ou Graduada en Traballo Social pola Universidade de Santiago de Compostela, con data 18 de xaneiro de 2023.

A documentación de referencia do SGIC é a contida no manuais de calidade e procesos de centro, que se pode resumir nos seguintes epígrafes:

- Convenio de adscrición á USC
- [Estatutos da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales](#)
- [Estatutos da USC](#)
- [Memoria do Grao en Trabajo Social](#)
- [Regulamento de Réxime interno da EUTS](#)
- Regulamentos xerais (ANECA e ACSUG) relativos á configuración e desenvolvemento das titulación e a súa avaliación.
- Documentación de carácter xeral estatal, autonómica e propia da USC
- Normativa e documentación propia do SGIC da EUTS.

Para o desenvolvemento do SGIC na EUTS a estrutura organizativa contempla os seguintes órganos:

- Equipo de dirección
- Comisión de Calidade de Centro
- Responsable de Calidade de Centro
- Comisión de Título de Grao en Trabajo Social
- Coordinador/a de Título de Grao en Trabajo Social
- Comité Consultivo

A Comisión de Título analizou a información para elaborar a Memoria de Calidade, e do seu resultado derivan as propostas de mellora que son aprobadas pola Comisión de Calidade do Centro. Esta última avalía as propostas de mellora en marcha e diseña as novas propostas que se consideran procedentes.

A elaboración da proposta da Memoria de Calidade correspóndelle á Comisión de Calidade de Centro, que está formada por a Directora da EUTS, a Responsable de Calidade de Centro, a/o coordinador/a de título, dous representantes do PDI do centro, 1 representante do PAS e 1 representante do alumnado, que realiza reunións de traballo e/ou posta en común periódicamente.

Unha vez aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno, a [Memoria de Calidade](#) anual publícase na web da EUTS con acceso aberto ao público en xeral, a través do apartado adicado ao Sistema de Calidade.

A documentación utilizada para a elaboración da Memoria foi:

- [Manual do SGIC](#)
- [Memoria do título de grao](#)
- [Plan estratéxico do centro](#)
- [Informe final para a renovación da acreditación do título \(2022\)](#)
- Actas de Xunta de Centro, Comisión de Calidade e Comisión de Título
- [Memorias de actividades de la Fundación Santiago Apostol de Ciencias Sociales](#)
- Informe de Coordinación do curso 2022-23
- Informe Técnico da ACMP da USC sobre a Memoria de Calidade da EUTS 2020-2021.
- Documentación e datos aportados desde a ACMP da USC

#### 1.4.- Plan Estratégico do Centro

A Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC aprobou, o 22 de febreiro de 2018 o [Plan Estratégico da EUTS 2018-2020](#) (PEC18).

Dentro do compromiso do Centro coa calidade, e seguindo o establecido no SGIC, a Comisión de Calidade do Centro elabora o Plan Estratégico da EUTS 2018-2020 (PEC18), ao abeiro e en consonancia co Plan Estratégico da USC vixente nese momento, co obxectivo de establecer as prioridades do Centro definidas a través das liñas estratéxicas, as metas a alcanzar e establecer o procedemento para que esas decisións se transformen en accións que redunden en beneficio da titulación e dos seus grupos de interese. O PEC18 está a disposición do público en xeral, a través da web propia do centro.

O eixo do PEC18 xira en torno aos **4 ámbitos** indicados na Plan estratéxico da USC: as persoas, a actividade universitaria, a xestión institucional, e a relación co contorno, coa definición de **6 liñas estratéxicas**:

- Ámbito das persoas (liña estratéxica 1: desenvolvemento da formación do estudantado)
- Ámbito da actividade universitaria (liña estratéxica 2: posta en valor da excelencia docente, e liña estratéxica 3: unha titulación para a sociedade)
- Ámbito da xestión institucional (liña estratéxica 4: oferta académica vinculada á demanda social e liña estratéxica 5: procura de apoios ao alumnado)
- Ámbito da relación coa contorna (liña estratéxica 6: compromiso e implicación cos axentes externos)

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

1.1. Política de Calidade. A vixencia da Política de Calidade.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC). e obxectivos de calidade

1.3. Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC).

*Evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse:*

- *se o SGC permite introducir melloras nos títulos,*
- *se se realiza correctamente o seu seguimento,*
- *se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e*
- *se inclúen as recomendacións dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).*

1.4. Coordinación titulacións interuniversitarias e Ínter-centros.

*No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.*

1.5. Sistema SGC.

*Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.*

*Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.*

1.6. Análise da satisfacción.

*Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.*

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### 1.1. – Política de Calidade. A vixencia da Política de Calidade

A actuación da Comisión de Calidade do Centro (CCC) no curso 2022-23 estivo marcada polo proceso levado a cabo no curso 2021-22 en que se elaborou e presentou (marzo 2022) o Informe para a renovación da acreditación do título (IRA2022), recibindo a visita da Comisión avaliadora o 14 xullo de 2022.

Nos inicios do curso 2022-23 recíbese o Informe provisorio para a renovación da acreditación do Grao (20 de setembro). O Informe provisorio emitido pola ACSUG foi favorable acadándose unha valoración B en todos os criterios, o que significa que os estándares nos distintos criterios considerados lograronse completamente.

A situación creada pola COVID 19 ralentizou o proceso de actualización dos manuais do SGIC ao non ser posible as reunións que se tiñan previstas coa ACMP da USC para abordar dita cuestión. O sobreesforzo que representou para o PDI e o PAS as adaptacións de normativas e situacións (Protocolos COVID, cambios no sistema da docencia, distancias, cambios nos escenarios, etc.) as peculiaridades no Centro en tanto a súa condición de Centro Adscrito, dificultou a avaliación final do plan estratéxico vixente. A súa avaliación foise realizando principalmente a través das reunións da Comisión de Título, dos Informes de Seguimento e dos Informes emitidos anualmente pola Coordinadora de Título.

Como resultado do proceso de acreditación, a EUTS incorpora accións de mellora vinculadas a aspectos en relación ao sinalado no Informe provisorio de avaliación aprobadas en Comisión de Calidade de 6 de outubro de 2022, que se resumen no seguinte cadro

Acción de mellora	Responsable	Obxectivos	Accións
AM 1- Concluir a elaboración do Manual simplificado do SGIC e Manual de procesos	Responsable de Calidade do Centro	-Elaborar proposta de particularización do SGIC -Avaliar o PEC18 e deseño da nova planificación	-Elaboración e envío á ACMP da documentación proposta -Avaliación, por parte da CCC do PEC18 e deseño posterior da nova planificación estratéxica
AM 2 – A Comisión de Título recabará información para coñecer as motivacións para o abandono por parte do alumnado	Responsable de Calidade Coordinadora de Título	-Deseño de protocolo -Reunión do Comité Consultivo do Centro	-Deseñar un protocolo que recolla a opinión do alumnado que abandona estudos para coñecer as causas que lle levan a esta situación -Programas e convocar reunión do Comité Consultivo do Centro
AM 3- A media da taxa de graduación no IRA 2022 descendeu respecto ao IRA 2016 polo que se considera procedente identificar as causas que levan a este resultado	Coordinadora de Título	-Coñecer as causas que levan a un descenso na taxa de graduación e seguimento da taxa de eficiencia	-Recabar información para coñecer as motivacións que levan ao descenso da taxa de graduación e a tendencia da taxa de eficiencia
AM 4- Propoñer novamente recoñecemento expreso para parte da USC do dereito de acceso do profesorado e persoal da EUTS aos programas de formación, en iguais condicións que o persoal da USC	Directora do Centro	-Proposta formal ante o reitorado da USC	.Proposta formal ao reitorado da USC do permiso de acceso do persoal da EUTS aos plans de formación en igualdade de condicións que o persoal da USC
AM 5- Proposta dun incremento gradual do profesorado a tempo completo comenzando polo curso 2022-2023	Directora do Centro	-Adaptación progresiva á ratio indicada na normativa	

## 1.2- Plan estratéxico do Centro e obxectivos de calidade

O período de vixencia deste plan contemplaba o bienio 2018-2020. O impacto da pandemia pola COVID 19, supuxo a imposibilidade de avaliar o PEC18 no momento previsto. A continuidade de medidas de contención da pandemia, nova normativa, adaptacións de docencia, espazos, etc dificultou dita avaliación e a realización de accións previstas que tiveron que retrasar a súa execución.

LIÑA 1: Desenvolvemento da formación do estudiantado		
Obxectivo	Accións	Estado
Potenciar a formación académica e postacadémica do Grao en Trabajo Social como titulación de referencia do Sistema Público de Servizos Sociais	Adoptar medidas para incorporar novos convenios para o alumnado en programas de mobilidade (preferentemente de fala inglesa)	Parcialmente executado
	Modificación da MVT en relación aos grupos de titorías presenciais	Executado
	Propoñer formación de especialización liderada polo Centro	Non executado
Aumentar a participación do alumnado na dinámica do Centro	Facilitar medios e tempo para que o alumnado participe nas enquisas de satisfacción	Executado
	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e utilidade do SGIC	Executada
	Comunicación ao profesorado para motivar a participación do alumnado nas	Executado



	enquisas	
	Difusión dos períodos das enquisas en diferentes canles	Executado
<b>LIÑA 2: Posta en valor da excelencia docente</b>		
<b>Obxectivo</b>	<b>Accións</b>	<b>Estado</b>
Potenciar a formación continua do profesorado	Xestión dun convenio coa USC para acceder aos seus programas formativos en igualdade de condicións que o PDI propio	Parcialmente executada
	Promoción da participación do profesorado en cursos organizados/liderados polo Centro ou por outras institucións	Executado
Potenciar a actividade investigadora do profesorado	Concesión de días libres en período lectivo ao profesorado, para a asistencia/participación en curso, congresos, etc	Executado
	Apoio económico para a presentación de comunicacións e/ou posters en cursos e/ou congresos	Executado
Aumentar a implicación dos/as docentes e PAS no SGIC	Envío do MINISGIC e solicitude de suxestións ao profesorado e PAS	Non executada
	Difusión dos períodos das enquisas de satisfacción a docentes e PAS	Executado
<b>LIÑA 3: Unha titulación para a sociedade</b>		
<b>Obxectivo</b>	<b>Accións</b>	<b>Estado</b>
Axustar a diversidade da oferta académica da optatividade á demanda social	Revisar anualmente a oferta a incluír no PDA como materias optativas	Executado
Reforzar a participación do alumnado nas actividades ofertadas pola USC	Difundir a oferta do voluntariado da USC especialmente en actividades do ámbito social	Executado
<b>LIÑA 4: Oferta académica vinculada a demanda social</b>		
<b>Obxectivo</b>	<b>Accións</b>	<b>Estado</b>
Mellorar a oferta de convenios de practicum	Xestión das propostas de convenios recibidas de diferentes entidades	Executado
	Xestión das propostas de convenios a iniciativa do alumnado	Executado
	Xestión das propostas de convenios a iniciativa do Centro	Executado
Reforzar a formación do alumnado nas aplicacións informativas vinculadas ao eido social sanitario	Actualización e ampliación dos convenios asinados coa Xunta de Galicia	Non executada
<b>LIÑA 5: Procura de apoios ao alumnado</b>		
<b>Obxectivo</b>	<b>Accións</b>	<b>Estado</b>
Facilitar ao alumnado financiamento dos estudos no Centro	Establecer mecanismos de facilidades de pago no Centro	Executado
	Xestión con entidades bancarias sobre diferentes formas de financiamento dos estudos	Executado
	Ofertar axudas económicas propias para o financiamento da inscrición no Centro	Executado
<b>LIÑA 6: Compromiso e implicación cos axentes sociais</b>		
<b>Obxectivo</b>	<b>Accións</b>	<b>Estado</b>
Mellorar as relacións cos grupos de interese da titulación	Constitución dun Comité Consultivo formado por representantes de grupos de interese externo	Executado
Maior divulgación externa do Centro	Creación dun espazo na web do Centro para persoas egresadas	Executado
	Potencias na web propia, en destacados, a "solicitude de visita para coñecer o Centro"	Executado

	Publicidade da titulación de Trabajo Social da EUTS	Executado
	Participación en eventos informativos sobre os estudos universitarios, en centros de ensino medio	Executado
	Celebración de charlas sobre o Grao en Trabajo Social do Centro	Executado
Visibilización da vinculación e a relación entre o ámbito académico e o profesional/laboral	Difusión en medios de comunicación das xornadas formativas organizadas polo Centro ou en colaboración con outras entidades	Non executada
	Difusión dos períodos de enquisas de satisfacción aos grupos de interese externos ao Centro	Executado
	Realizar sondaxes a través dunha pequena enquisa telefónica ás persoas egresadas sobre a inserción laboral	Executado
	Realizar actividades divulgativas en colaboración co Colexio Oficial de Trabajo Social de Galicia	Executada

A maioría das accións previstas para alcanzar os obxectivos incluídos no PEC18 foron realizadas de xeito satisfactorio, quedando pendente de executar fundamentalmente aquelas que precisan da colaboración doutras entidades externas ao Centro. As situacións xurdidas trala pandemia impediu levar a término algunha das reunións ou acordos previstos, que se continuarán nos vindeiros cursos.

### 1.3- Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC)

O SGIC da EUTS permite a detección de debilidades que facilita o concreción de plans de mellora e accións de mellora deseñadas para tentar corrixir aquelas detectadas. Na memoria de calidade de 2021-2022 presentouse un plan de melloras para o curso 2022-2023. A análise da súa evolución faise no apartado correspondente deste Memoria. O proceso de acreditación tamén supuxo un punto de partida para a proposta de accións de mellora destinadas a dar resposta ás recomendacións realizadas no proceso de verificación.

O seguimento do cumprimento dos plan de melloras e das accións de mellora faise a través das actas das Comisións de Título e Calidade de Centro así como no Informe de Coordinación do Título, que se emite en cada curso académico, e a través das Memorias anuais de Actividades da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, publicadas na páxina web do Centro.

### 1.4 Coordinación titulacións interuniversitarias e inter-centros: Non aplica neste curso.

### 1.5-Sistema de Garantía de Calidade

#### Vixencia

Non se completou o proceso de actualización do SGIC contemplado como AM-1 da relación de accións de mellora. Valórase necesaria reunión coas responsables da Área de Calidade da USC para levar a cabo a súa renovación que conleva adaptacións particulares vinculadas ao carácter adscrito do Centro.

O proceso de acreditación do curso 2021-2022, a reforma da Memoria do Título de Grao derivado do anterior proceso así como a selección de persoal para incorporación de novo/as docentes e a xestión de renovación e ampliación de convenios para prácticas, repercutiron na priorización de tarefas.

O plan de accións de mellora contempla concluir a elaboración do manual simplificado do SGIC e Manual de Procesos do Centro para a súa certificación.

### Adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGIC

O desenvolvemento dos procesos establecidos no Manual, pendente de actualización, seguen resultando eficaces, tal e como se comproba coa obtención de valoración B en todos os apartados que conforman o Informe final de acreditación da ACSUG, no que, a este respecto indica: **“El Centro cuenta con un SGC capaz de generar diversos indicadores sobre el funcionamiento de la titulación. Anualmente se realiza una memoria de calidad a nivel de Centro que permite constatar que dichos indicadores son analizados, que se identifican las principales debilidades y que se plantean acciones de mejora enfocadas a eliminarlas. Además, en el informe se hace un seguimiento de las acciones de mejora contempladas en los informes previos. Por lo tanto, se constata que el título está sometido a un proceso de mejora continua que funciona de forma independiente a los procesos de evaluación externa.”**

A través dos procesos e procedementos establecidos no SGIC en canto a Revisión e Mellora, elaborouse o protocolo para recoller a opinión do alumnado que abandona estudos de cara a coñecer as causas que o levan a esta situación. (AM-2.1). A administración deste protocolo xerou dúbidas dado que o centro non ten o consentimento informado para comunicarse co alumnado por temas alleos a aspectos vinculados coa actividade académica, polo que suspendeuse a aplicación do formulario por inseguridade xurídica. Os datos facilitados desde a Área de Calidade en canto á taxa de abandono amosan que o abandono do alumnado matriculado en 1º curso ten diminuído de xeito significativo nos tres últimos cursos sendo de 5,0 no curso 2022-2023, fronte a 7,58 do curso 2021-2022 e 15,49 no anterior a este. E dicir, unha baixada de máis de 10 puntos nos tres últimos cursos. Se tomamos como referencia a taxa de abandono do alumnado en base ao Real Decreto 1393/2007 tamén se observa un importante descenso da mesma, de 15,5 puntos nos tres últimos cursos. A taxa é de 18,31 para o curso 2022-2023 fronte a 22,73 do curso anterior, e 31,88 no curso 2020-2021.

Obsérvase unha reducida participación do alumnado nos programas de mobilidade internacional polo que se plantexa unha acción de mellora enfocada coñecer as causas que consiste na elaboración dunha enquisa que se administrar ao alumnado de 4º curso (AM-6). O Coordinador de Mobilidade Internacional elaborou unha enquisa en-liña con esta finalidade. Contactouse por correo electrónico co alumnado para a administración da enquisa pero ante o baixo nivel de resposta e dado que os resultados obtidos non serían significativos propónse reiterar dita acción no vindeiro curso

Non se executou a reunión do Comité Consultivo (AM-2.2) polo que se retomará como pendente para o vindeiro curso.

A caída da taxa de graduación no curso 2020-2021 é a orixe da proposta AM-3.1 Identificar as causas que levan ao descenso da taxa de graduación e seguimento da taxa de eficiencia. Os resultados da AM-3 indican que a taxa de graduación, no curso 2021-2022, subeu 8,89 puntos situándose no 71,21%, e no curso 2022-2023 subeu 15,14 puntos en relación ao dato aportado no IRA22, situándose en 77,46% polo que a análise dos datos indican que se tratou dunha situación puntual atribuíble ás circunstancias vinculadas ao período da pandemia por COVID-19 pois ao retomar a normalidade académica, volve a situarse, nos dous últimos cursos, por riba incluso das taxas do IRA16.

Con relación á taxa de eficiencia, a tendencia ao descenso invertíuse producíndose unha leve subida porcentual en cada curso académico situándose, no curso 2022-2023 no 97,78% o que supón unha subida de 1,65 puntos nos tres últimos cursos é superando en case 5 puntos os resultados anteriores ao IRA22.

En relación ao persoal da EUTS, propónse a acción de mellora AM-4, facendo xestións por parte da Dirección do Centro e por parte do Delegado da USC na EUTS, para que o persoal poida acceder aos cursos ofertados pola USC. Como resultado de ditas xestións, recibíuse, con data 2 de novembro de 2023 correo desde a Dirección do Centro de Formación de Persoal da USC na que se indica que se vai a abrir unha vía para facilitar a formación do profesorado das tres escolas adscritas mediante a sinatura dos correspondentes convenios. Con eles facilitarase que as tres escolas poidan organizar e xestionar a formación que estimen conveniente para o seu profesorado, e obter o recoñecemento do CFP, en igualdade de condicións con outros centros da USC. En dito correo anuncian que, proximamente, achegarán proposta de convenio. Estase a espera da recepción de dita proposta.

No curso obxecto de análise, incrementouse o persoal docente coa contratación dunha persoa a tempo completo, polo que se está a dar cumprimento á acción de mellora AM-5 de incremento gradual do profesorado con esta adicación, comenzando no curso 2022-2023.

## 1.6- Análise da satisfacción

O deseño e aplicación das accións de mellora propostas neste apartado foron moi efectivas pois pasouse dunha participación nas enquisas do 17,7% no curso 21-22 a o 61,59% no curso 22-23. Ao longo deste curso puxéronse en marcha iniciativas para incrementar a participación e obter uns resultados o máis representativos posibles. Para isto, tanto no primeiro como no segundo cuadrimestre a Coordinadora de Título e os/as coordinadores/as de curso informaron nas aulas ao alumnado da apertura e duración dos prazos correspondentes. Xunto con esta acción, a posibilidade de participar en ditas enquisas foi difundida a través de carteis nas distintas aulas, así como nos puntos informativos do Centro (taboleiro e web). Para facilitar e favorecer a participación este curso, no período establecido para cumprimentar as enquisas, ampliouse o horario da aula de informática.

. O valor acadado no curso 2022-23 no índice de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, está na liña dos valores do título para os cursos anteriores á pandemia covid alcanzando o valor 4,16 sobre 5, superior á do curso pasado que fora de 3,93. En todos os ítems a valoración foi superior a 4, agás no referido a asistencia a clase e que esta sexa proveitosa para a comprensión dos contidos da materia que baixa a 3,85.

En relación á satisfacción medida do estudantado coas prácticas externas non se poden comparar os datos obtidos en 2022-2023 cos cursos anteriores pois a USC non realizou enquisa nos curso coincidentes co período de pandemia. O valor alcanzado na satisfacción media do estudantado coas prácticas foi de 4,79 sobre 5 o que é un refrexo da alta valoración do alumnado das prácticas externas do centro. Dos nove ítems valorados cinco teñen a valoración máxima de 5, son os referidos a atención por parte do titor/a profesional, relación entre a actividade desenvolta e a formación do título, o cumprimento da expectativas previas, o contacto co mercado laboral e a satisfacción xeral co período de prácticas. Os ítems que menos valoran (4,38) son a duración do período de prácticas e a información previa recibida. A valoración alta do desenvolvemento das prácticas externas indica que por parte do centro fíxose unha adecuada selección de centros cos que se ten convenio para realizar prácticas, máis terá que facerse unha análise en relación ao descenso na valoración da información previa recibida. Destacar que os profesionais valoran o desenvolvemento das prácticas externas con un 4,39 sobre 5, por tanto todas as partes participantes no desenvolvemento das prácticas fan unha valoración moi positiva das mesmas.

Os grupos de interese poden presentar queixas suxestións, reclamacións etc por dúas vías: a través dos mecanismos establecidos pola USC para todas as titulacións, e/ou directamente no Centro, tanto de xeito presencial como polo [procedemento publicado](#) da nosa páxina web no apartado Buzón de queixas e suxerencias que aparece como destacado na web propia. No curso 2022-2023 non se recibiu ningunha solicitude nin no propio Centro nin a través da USC.

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar:** O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

### 2.1. Adecuación de procedementos.

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.*

### 2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

- Memorias verificadas de Título: cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:

- *Guías docentes: cumprimento de guías docentes;*
- *Coordinación: procedimientos de coordinación,*
- *Análise do perfil real de ingresos/egreso,*
- *Aprendizaxe dos titulados: análise de que se acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.*
- *Satisfacción da Titulación. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3). análise do perfil real de ingreso/egreso,*
- *análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.*
- *Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).*

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

##### 2.1- Adecuación de procedementos

Considérase que se teñen establecido, na titulación e no centro, procedementos adecuados para a recollida de información, e así realizar a análise que permita á toma de decisión para a mellora do título. No IRA22 acadouse un nivel B en todos os criterios, o que avala que os mecanismos para a recollida de información son adecuados así como os sistemas de coordinación establecidos, polo que se seguen mantendo istos.

O órgano colexiado de carácter académico que mais reunións celebra é a Comisión de Título (20 reunións), da que entre outros forman parte a coordinadora de título, coordinadora do practicum, coordinadora de traballos de fin de grao e coordinadores de curso, así como responsables de programas de mobilidade. Súmanse á coordinación que se realiza no ámbito do órgano anterior ás reunións específicas de coordinación, un total de dez no curso 2022-23 e que figuran referidas no informe de coordinación do curso, entre elas ás que se celebraron para verificar que o contido dos programas académicos se axusta á Memoria do Título e a normativa de avaliación na USC.

Contribúe á coordinación a elaboración de documentos que serven de orientación fundamentalmente en materias nas que están implicados varios docentes, caso do Manual do Practicum, Manual para o TFG, ou a Guía para a elaboración de traballos académicos, unido a Guía de centro con información de interese tanto para o alumnado como para todo o persoal do centro.

##### 2.2- Análise das accións desenvolvidas

###### Memoria de Título

No curso 2022-2023 iniciouse o proceso para a modificación da memoria de Título, para dar cumprimento das recomendación realizadas na renovación da acreditación.

En novembro de 2022 recíbese correo da Vicerreitoría de Titulacións coa comunicación de que é necesario realizar unha actualización da memoria no curso 2023-2024, e que o tipo de modificación é NON SUBSTANCIAL. En resposta a este correo, a Directora da EUTS envía consulta sobre si a modificación da oferta de prazas de novo ingreso (recomendación contido no informe de acreditación), se considera modificación substancial ou non substancial.

En marzo de 2023, a ACSUG publica o Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster. En dito documento, se indica:

1.9 Prazas de novo ingreso e distribución por modalidade	Modificación substancial	O cambio do número de prazas de novo ingreso ofertadas cando se vexan comprometidos recursos humanos e/ou materiais. Tamén os cambios na distribución de prazas por modalidade
	Modificación non substancial	O cambio do número de prazas de novo ingreso ofertadas que non comprometan recursos humanos e/ou materiais

A modificación proposta para as prazas de novo ingresos sería a redución de 10 postos (pasando de 90 a 80) para axustar a memoria á oferta real, e dado que non se ven comprometidos recursos humanos e/ou materiais, desde a USC nos indican que se tramite como unha modificación NON SUBSTANCIAL e así é como se inicia o trámite.

A declaración de intencións coas modificacións que se pretenden realizar remitirase á USC no período que estableza, trala súa aprobación pola Xunta de Centro. As modificacións que se incluírán na declaración de intencións serán:

- Substitución de "Rama de Coñecemento" por "Ámbito de Coñecemento" dos establecidos no RD 822/2021 así como a vinculación das materias de Formación Básica ao ámbito elixido
- Axuste da oferta de prazas establecida na Memoria de Título á oferta real dos últimos cursos
- Reaxuste das actividades formativas da materia Practicum, sen cambio no número de créditos nin outras características da materia

A implantación das modificacións prevese para o curso 2024-2025.

#### Guías docentes:

Todo o profesorado do centro elabora anualmente a Guía Docente da súa materia, que pon a disposición de todo o alumnado matriculado de cada materia, a través do apartado correspondente á mesma no Portal do Estudiante da páxina web propia, á que ten acceso o alumnado matriculado nese curso. Desde a Coordinación de Título se remite, ao inicio de cada curso académico, recordatorio aos/ás docentes recordando a necesidade de publicación das guías docentes por materia.

#### Coordinación:

A EUTS conta coas seguintes coordinacións:

- Coordinadora de Título
- Coordinadora de Practicum
- Coordinadora de TFG
- Coordinador de 1º curso
- Coordinadora de 2º curso
- Coordinadora de 3º curso
- Coordinadora de 4º curso
- Coordinadora de Curso Ponte
- Coordinadora de Programa SICUE
- Coordinador de Programas de Mobilidade Internacional
- Coordinadora de A Ponte e Programa de Títulos
- Coordinadora de Prácticas Extracurriculares

A coordinadora de curso elabora, por ano académico, un informe que recolle a actividade levada a cabo ao longo do mesmo, e que acompaña a esta Memoria como evidencia. Para a súa elaboración entre outras fontes, reflicte información aportada no informe da coordinadora do practicum, informe da coordinadora dos traballos de fin de grao, e actas das reunións para asignar prazas dos programas de mobilidade. No informe de coordinación do curso hai constancia de dez reunións que



teñen tal finalidade. Do seu contido dáse conta na Comisión de Título, para o seu coñecemento e análise.

Cada curso académico, prográmanse reunións específicas de coordinadores/as, entre elas ás que se celebraron para verificar que o contido dos programas académicos se axusta á Memoria do Título e a normativa de avaliación na USC.

### Análise do perfil real de ingreso/egreso

#### **Ingreso**

As solicitudes de alumnado de **novo ingreso** mantense cunha demanda sostible no tempo. A matrícula de inicio supera o número de prazas ofertadas e aumenta en 10 puntos o alumnado que solicita este centro como primeira opción, en relación ao curso anterior, aínda que se detecta unha baixada na nota media do alumnado. En relación a taxa de abandono, presenta uns resultados moi satisfactorios non só por revertir a tendencia senón porque presenta uns valores moi por debaixo tanto da Área como da USC.

O número de prazas ofertadas foi de 80 (IN01C) o mesmo que en cursos académicos anteriores, sendo 83 o número de estudantes que se matricularon por primeira vez no primeiro curso do Grao (IN04C) fronte a 81 e 82 nos cursos 2020-21 e 2021-22 respectivamente, e o número de estudantes que se matriculou por primeira vez no Grao incluídos o alumnado que trasladou expediente foi de 87 (IN03C), tres persoas máis que no curso anterior e cinco máis que no curso anterior a este.

A taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición foi de 1,23 (IN05C) ao respecto desta variable no curso anterior, 2021-22, fora de 2,53 polo que se produxo un descenso de 1,30 puntos, e a relación de estudantes que se matricularon e se preinscribiron en primeira opción sobre as prazas ofertadas foi de 67,50 (IN10C) o que supón unha subida de 10 puntos en relación ao curso anterior.

En canto ás notas de acceso, a nota media do alumnado que accedeu ao Grao por preinscrición foi de 8,19 (IN06G) polo que se produxo un lixeiro descenso en relación aos dous cursos anteriores, 8,33 no curso 2020-21 e 8,36 no 2021-22, mudando así a tendencia a aumentar que se viña seguindo. Así mesmo a porcentaxe de estudantes que accedeu ao título con una nota igual ou superior a seis tamén foi menor. Nos dous últimos cursos foi de 100% seguindo una tendencia a alza, e no curso 2022-23 foi de 96,34% (IN07C).

A taxa de abandono durante o primeiro curso foi dun 5%, descendendo en 2,58 puntos respecto ao curso anterior, sendo a máis baixa dos últimos seis anos en que se chegaron a acadar valores tres e cinco veces máis altos. A media da taxa de abandono para a área de coñecemento e para a USC triplicase, con respecto á da EUTS.

Cursaron o Grao un total de 314 estudantes, matrícula total do grao para este curso 2022-23 (IN02C), con unha diminución de quince persoas ao respecto do curso anterior, e tres máis que o anterior a este, rompéndose a tendencia a alza dos últimos anos.

#### **Egresados**

A relación porcentual entre os estudantes que **finalizaron os estudos (egresados/as)** no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso, dá unha taxa de gradación de 77,46%, a máis alta dos últimos tres anos, case seis puntos máis que o curso anterior e con valores similares aos cursos previos ao período da pandemia da covid 19. A taxa de gradación é máis alta que a media da área de coñecemento e da USC, 64,28% e 61,27% respectivamente.

A duración media dos estudos en anos que tardan os estudantes en superar os créditos do plano de estudos é de 4,16 lixeiramente máis baixa que os cursos anteriores, cifra que é tamén lixeiramente inferior á media da área de coñecemento (4,55) e da USC (4,75).

Atendendo aos datos aportados por ambas taxas valorase satisfactorio o grao de eficacia do alumnado e do centro con

relación a súa actividade académica.

A relación porcentual entre o número total de créditos do plano de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico, e o número total de créditos nos que realmente se matricularon permite coñecer a eficiencia dos estudos que foi de 96,96 % fronte a 99,55% o curso anterior, polo que se observa un descenso para este valor.

A taxa de abandono segundo o RD 1393/2007 que mide a relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior, e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior descendeu, pasa do 22,73% a 18,31% no curso 2022-23, sendo a máis baixa dos últimos cursos. Esta taxa é tamén inferior á media da área de coñecemento (19,88%) e a media da USC (20,63%).

A relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso foi do 74,24%, cinco puntos máis que o curso anterior e máis de vinte puntos en relación a cursos anteriores, un dato máis sobre o grao de eficiencia do alumnado e do centro en relación á súa actividade académica.

#### Aprendizaxe dos titulados

A taxa de rendemento mide a relación porcentual entre o números de créditos ordinarios que superaron os estudantes do número total de créditos ordinarios nos que se matricularon, e foi do 86,98% case 2,49 puntos menos que o curso 2021-22 pero na liña de outros cursos salvo os que coincidiron coa docencia do período covid 19. Esta taxa é superior á media da USC (80,29%) e tamén superior ao valor medio para a área (79,09%)

Si relacionamos o número total de créditos ordinarios superados polos estudantes co número total de créditos aos que se presentaron obtemos a taxa de éxito, que para o curso de referencia foi de 90,28%, segue sendo superior ao 90% ao igual que os cursos anteriores, con un descenso de 3,83 puntos pero na liña dos curso precedentes ao período que cincideu coa pandemia covid 19. A taxa de éxito tamén é superior á media da área de coñecemento (86.93%) e a media da USC (87.67%)

A taxa de avaliación que mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes en relación ao total de créditos matriculados obtivo un valor de 96,34%, similar á de cursos anteriores e sempre superior ao 95%. Tamén é superior á media acadada pola área de coñecemento (90,98%) e para a USC (91,58%)

Así mesmo sinalábase en dito Informe que os indicadores externos sobre o resultado da aprendizaxe tanto pola información proporcionada polos titores de prácticas como polos datos de inserción laboral, mostran unha boa aceptación dos egresados a nivel do contexto profesional-laboral.

A taxa de rendemento media segue estando por encima do 80%, polo que se pode dicir que se acadan os resultados de aprendizaxe.

Non se presentaron no curso 2022-23 reclamacións, e as suxestións dos representantes ou asociacións de estudantes se canalizaron a través das reunións dos órganos colexiados do centro, ou ben directamente en reunións coa dirección do centro.

#### Satisfacción da titulación

A análise da satisfacción do alumnado coa docencia recibida realízase a partir do Indicador IN46G. A media global de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no período analizado é de 4,12

Respecto ao curso 2022-23, os datos recóllense no informe 2502230 INF 13 1S. A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida é de 4,16, o que supón un lixeiro incremento en relación ao curso anterior, retornando a valores superiores 4. O valor acadado para esta taxa é lixeiramente superior ao valor medio tanto da Área de Coñecemento (4,05) como da USC que é 4,08. Destacar como aspectos máis valorados os seguintes: a explicación docente da programación da materia



e os criterios de avaliación; o grao de cumprimento do programa e o plan de traballo; e os contidos sexas explicados segundo o establecido na programación temporal

En canto á participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida, os datos correspondentes ao curso 2022-23 melloraron respecto ao curso anterior en 43 puntos, sendo con diferenza o mellor do período

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar:** o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:*

#### 3.1. Normativas.

*Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).*

#### 3.2. Admisión do alumnado (accións de captación).

#### 3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

#### 3.4. Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.

#### 3.5. Mobilidade.

#### 3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

#### 3.7. Avaliación da aprendizaxe

#### 3.8. Prácticas externas.

#### 3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

#### 3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

#### 3.11. Satisfacción do Alumnado.

- *Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.*

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### 3.1 – Normativas

Ademais das normativas académicas xenéricas da USC para cada curso que son aplicables a todas as titulacións, as normativas predefinidas polo centro que regulan os procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación, son:

- Regulamento para cambio de grupo
- Procedemento para dispensa de asistencia, control de asistencia e xustificación de faltas
- Regulamento de Practicum
- Regulamento de TFG
- Regulamento de Biblioteca
- Regulamento da Aula de Informática
- Regulamento de réxime interno

Na etapa da pandemia, a USC adaptou a normativa do TFG a situación xerada, contemplando a posibilidade de que o alumnado puidese defender o TFG ante o seu titor/a aínda que esta modalidade non estivese contemplada no Regulamento de cada Centro. Trala experiencia dos cursos anteriores, a EUTS modificou o seu Regulamento propio de TFG incorporando

a posibilidade de que o alumnado puidese elixir realizar a súa defensa ante titor ou ante tribunal. Dito regulamento, aprobado no curso anterior, empezou a aplicarse no curso 2022 – 2023

Con respecto aos recoñecementos, na web propia está publicado o Catálogo de validacións desde a FP no apartado [Estudos>recoñecementos e validacións](#) así como os recoñecementos de competencias, créditos transversais etc

O alumnado ten acceso ao contido de toda a normativa relacionada a través do apartado correspondente a "[Normativa de Interese](#)" da web propia e da [Guía Académica](#) que anualmente se publica e que é de libre acceso

### 3.2 – Admisión do alumnado (accións de captación)

A EUTS participa nas actividades programadas pola USC a través do Programa "A Ponte", "Encontros na Zona USC" e "Encontros Virtuais". A través de ambos programas, recibimos a visita de 311 alumnos/as de diferentes centros educativos de Galicia.

O centro segue mantendo actividades para a difusión da titulación, que se iniciaron no mes de outubro ata novembro de 2022, con chamadas e envío de correos a todos os centros de ensino medio de Galicia e que se recolle no Informe de coordinación do título, así como a participación en distintas feiras de titulacións, oito ao longo do curso. Na web propia segue ofrecéndose a visita guiada ao centro para coñecer a titulación. O centro consegue nos últimos anos manter a demanda para cubrir as prazas ofertadas, despois dun período de descenso.

O centro administra unha enquisa ao alumnado de primeiro curso para recoller a vía de coñecemento da titulación. O 35,5% sinala que o fixo a través de internet, seguido por familiares un 25,9%, e a maioría manifesta que non tivo dificultades para obter información sobre a titulación, isto dá garantías ao centro en canto a facilidade para informarse sobre os estudos. Para o alumnado de novo ingreso organízase unha xornada de acollida e presentación do centro, e características da titulación na que participan distintos coordinadores do centro, persoal de servizos e alumnado titor/a.

O alumnado titor do curso 2022-2023 impartiu charlas dirixidas todo o alumnado presentando os servizos do centro e a USC, equipamentos dos que se dispón e actividades que desenvolve a USC así como resolución de consultas e/ou dúbidas do alumnado.

Impártese un curso sobre a Presentación de Traballos Académicos, Curso Cero, dirixido ao alumnado de primeiro, e do que se dou conta á Comisión de Título.

Na procura de seguir reforzando a información que poida ser de interese para o alumnado que remata os estudos en Trabajo Social, celebrouse a 7ª edición da sesión na que colabora o Colexio Oficial de Trabajo Social de Galicia, para orientalos laboralmente e sobre estudos postulación.

En cada curso académico, nos meses de xuño-xullo, a EUTS realiza unha enquisa de inserción laboral propia dirixida ao alumnado egresado nos dous últimos cursos. Os resultados desta enquisa, facilita a avaliación sobre inserción laboral e aporta información para a proposta de proxectos de formación postgrao.

### 3.3- Complementos formativos

En cada curso académico, e dirixido principalmente ao alumnado de 1º curso, ofértase o Curso Cero de Presentación de Traballos Académicos.

### 3.4- Orientación académica

A Xornada de acollida que se celebra anualmente dirixida ao alumnado de novo ingreso está deseñada para transmitir toda a información relevante sobre o centro e a USC ao alumnado que inicia estudos.

Todo o profesorado ten programadas semanalmente dúas horas de atención ao estudantado (preferentemente unha en horario de mañán e outra de tarde, sempre que sexa posible). O alumnado ten a posibilidade de facer as consultas necesarias a través do correo electrónico co profesorado.

Os coordinadores de programas de intercambio, tanto a nivel nacional como internacional, difunden as convocatorias dos programas respectivos e atenden as consultas e dúbidas que lle xurden ao alumnado. Toda a información deste programas está publicada nun apartado específico da web propia do centro.

O persoal de administración ten de atención ao estudantado en horario de mañán e tarde de luns a xoves, e de mañán os vernes e atenden as consultas, dúbidas etc tanto de xeito presencial como por teléfono ou correo electrónico.

Cada curso académico organízase, para o estudantado que remata estudos, unha sesión sobre protección de datos de carácter persoal y outra sesión de información de cursos de posgrao e/ou máster que poidan ser do seu interese. Estas xornadas están organizadas pola Coordinadora de Título.

Cada curso académico a EUTS publica na súa web unha Guía Académica completa do curso na que se inclúe toda a información académica de relevancia para o estudante, nun único arquivo (regulamentos, normativas, horarios, calendarios de exames, horarios de atención ao estudantado, programas de mobilidade, contactos, etc)

Co obxecto de reforzar a relación do alumnado con profesionais de distintos campos da área da acción social, propónse como acción de mellora a organización dunha Xornada na que, profesionais de entidades na que están a realizar as prácticas o alumnado de 4º curso, co apoio do/a alumno/a que está na entidade, dean a coñecer o seu centro a todo o alumnado da EUTS.

### 3.5- Mobilidade

A porcentaxe de estudantes recibidos no centro dentro de programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi de 1,59% a cifra máis alta con diferenza dos últimos tres anos que fora de 0,91% no curso 2021-2022 e 0,32% no anterior a este.

A EUTS oferta prazas de mobilidade nos programas SICUE, ERASMUS e Convenios Bilaterais.

#### **Programa SICUE**

A EUTS ten convenio con 14 universidades españolas, dentro do progras SICUE e oferta un total de 28 prazas que se distribúen en 22 prazas para intercambio todo o curso e 6 prazas de intercambio nun dos dous cuatrimestres do curso, para os 320 alumnos/as do curso o que supón ofertar 1 praza por cada 11 alumnos/as da titulación.

No curso 2022-23 presentáronse 15 solicitudes. A un alumno non se lle puido asignar destino ao non quedar prazas vacantes en ningún dos destinos solicitados. Dous 14 alumnos/as con destino, seis aceptan a praza, e oito renuncian a ela no prazo establecido pola USC. Recibíronse 4 alumnos/as de outras universidades españolas durante todo o curso académico.

#### **Programa ERASMUS**

A EUTS ten convenio con 6 universidades europeas dentro do programa ERASMUS e oferta un total de 13 prazas que se distribúen en 6 prazas para intercambio todo o curso e 7 prazas para intercambio nun dos dous cuatrimestres do curso. Os países aos que pertencen estas universidades son Alemaña (1 centro), Italia (dos centros) e Portugal (3 centros).

Dentro do Programa Erasmus presentáronse dúas solicitudes. Unha delas non foi admitida pola USC por non acreditar o idioma. Cinco alumnos/as Erasmus doutros grados da USC cursaron materias no centro.

#### **Convenios Bilaterais da USC**

Acolléndose a Convenios Bilaterais preséntanse dúas solicitudes. A USC admite so unha das alumnas solicitantes, e recibíuse unha alumna dentro deste programa para cursar materias no primeiro cuatrimestre.

### 3.6- Metodoloxía da ensinanza

Tal e como se indica na Memoria do Título, a ensinanza do Grao en Traballo Social da EU de Traballo Social de Santiago de Compostela é presencial. A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas e titorías en grupos reducidos con asistencia presencial, e o traballo persoal do/a estudante.

As sesións de docencia expositiva teñen como finalidade a explicación dos aspectos básicos de cada tema do programa, proporcionando a información necesaria que permita ao/a estudante a aprendizaxe autónoma. Segundo o tipo de materia (o plano de estudos establece tres tipos A, B ou C), as horas adicadas a docencia expositiva varían entre 38 (A), 29 (B) e 18 (C).

A docencia interactiva pretende que o estudantado, individualmente ou en grupo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballos de textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc. As horas establecidas por tipo de materia para a docencia interactiva son 9 horas por grupo interactivo (tipo A), 18 horas por grupo interactivo (tipo B) e 27 horas por grupo interactivo (tipo C).

Todas as materias teñen asociado a maiores 1 hora de titorías en grupos reducidos (módulo de 10 alumnos por grupo), no que se desenvolven distintas actividades según a materia, como poden ser presenciación de traballos de xeito oral, actividades orientadas á realización do exame oficial, etc.

En un número importante de materias, complementábase a docencia con charlas, seminarios, etc con profesionais do traballo social e/ou expertos de entidades de diversos ámbitos que gardan relación coa materia ademais de programar visitas do alumnado a centros e servizos relacionados co sistema de benestar. No curso 2022-2023 impartíronse 26 charlas vinculadas diferentes materias, e realizáronse 5 visitas a centros/institucións. A relación refléxase por ano natural, nas Memorias da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais.

### 3.7- Avaliación da aprendizaxe

A avaliación do estudantado publícase no programa de cada materia e na guía correspondente, onde se indica a porcentaxe ou puntuación máxima de, entre outros, a proba escrita e das actividades que conforman a avaliación continua.

De xeito xenérico a avaliación lévase a cabo a través de varios instrumentos como son:

- Realización de exame final escrito (no programa de cada materia se indica a porcentaxe que representa sobre a cualificación final)
- A asistencia ás clases interactivas e participación nas actividades programadas

A EUTS está dotada dun protocolo que regula, entre outras cuestións, a xustificación das faltas de asistencia e establece o procedemento para a solicitude e xestión da dispensa de asistencia ás clases. O órgano que aproba as dispensas de asistencia solicitadas é a Comisión de Título do Grao.

Previa á remisión dos programas das materias á Xunta de Centro para a súa aprobación, a Coordinadora de Título convoca reunión con os coordinadores de cada curso para revisar a adecuación dos programas á normativa e ao plano de estudos vixente con especial atención a que conste o sistema de avaliación claramente definido.

### 3.8- Prácticas externas

No curso 2022-2023 realizaron as prácticas externas 71 alumnos/as, 4 no primeiro cuatrimestre e 67 no segundo. Ofertáronse en total 254 centros de prácticas, o que representa unha ratio de 3.57 centros por alumno/a.

A satisfacción medida do estudantado coas prácticas externas foi de 4,79 sobre 5. Non se pode comparar esta cifra cos cursos anteriores pois a USC non realizou enquisa nos curso coincidentes co período de pandemia. Dos nove ítems valorados cinco teñen a valoración máxima de 5, son os referidos a atención por parte do titor/a profesional, relación entre a actividade desenvolva e a formación do título, o cumprimento da expectativas previas, o contacto co mercado laboral, a satisfacción xeral co período de prácticas. Os ítems que menos valoran (4,38) son a duración do período de prácticas, a

información previa recibida. A valoración alta do desenvolvemento das prácticas externas indica que por parte do centro fíxose unha adecuada selección de centros cos que se ten convenio para realizar prácticas, máis terá que facerse unha análise en relación ao descenso na valoración da información previa recibida. Destacar que os profesionais valoran o desenvolvemento das prácticas externas con un 4,39 sobre 5.

Asináronse 18 convenios (dos 21 tramitados) para a realización de prácticas externas. En xullo de 2023 o número de convenios en vigor é de 175 fronte aos 158 do curso anterior, refrexo do interese do Centro por incrementar as entidades colaboradoras e ampliar os ámbitos de actuación para a oferta de prazas de prácticas anuais.

No curso 2022-23 publicouse a nova normativa sobre a Seguridade Social que afecta ao alumnado universitario que realiza prácticas externas. En marzo de 2023 o goberno central aproba a Real Decreto-Lei 2/2023 do 16 de marzo (BOE nº 65 de 17/03/2023) de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións. No mesmo, na disposición quincuaxésima segunda, fai referencia á inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas externas incluídas en programas de formación. Concretamente, o punto 1 apartado a de esta disposición, establece que esta lexislación comprende “as realizadas por alumnos universitarios tanto as dirixidas á obtención de titulacións oficiais de Grao e Máster como as dirixidas á obtención dun título propio da universidade”. No RDL indícase que esta medida entra en vigor a partir do 1 de outubro de 2023. En xuño apróbase a Real Decreto-lei 5/2023 do 28 de xuño polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da Illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directiva da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e de conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores, e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea. Neste RDL atrasase a entrada en vigor da medida de alta do alumnado na Seguridade Social ao 1 de xaneiro de 2024. No suposto de práctica remuneradas, a Real Decreto-lei 2/2023 establece que o cumprimento das obrigacións da Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá para estes efectos a condición de empresario. Con todo no suposto de prácticas non remuneradas o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolven as prácticas, agás que no convenio ou acordo de cooperación que se subscriba para a súa realización dispónase que estas obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. No mes de maio de 2023, co inicio dos contactos cos centros para a organización das prácticas do curso 23-24 solicitando a oferta de prazas de prácticas ás entidades colaboradoras, atopouse coa reticencia de moitas entidades para ofertar prazas de prácticas mentres non estivese claro o proceso e prazos do desenvolvemento desta nova normativa. Ante este problema, o 12 de xuño de 2023, o Xerente da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais firma un certificado nos seguintes termos:

“Que esta entidade, como titular da Escola Universitaria de Trabajo Social, centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, no caso de que finalmente houbera que incluír no sistema de Seguridade Social aos alumnos desta Escola que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, comprométese a realizar os trámites administrativos necesarios para incluír os devanditos alumnos no sistema da Seguridade Social e a asumir o custo da cotización que diso derívase.”

Este documento remítese ás entidades colaboradoras que así o solicitaron, ou que tiñan dúbidas sobre se poderían ou non ofertar prazas de prácticas. O desenvolvemento da normativa que regulará a alta do alumnado e a xestión dos convenios ao abeiro da nova lexislación, producirase ao longo do curso 2023-2024. A decisión de ser asumido o coste da Seguridade Social do alumnado en prácticas por parte da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales, deriva da decisión da USC de excluír dos seus presupostos, a cotización da seguridade social do alumnado dos centros adscritos,.

### 3.9- Traballos Fin de Grao

No curso obxecto de análise matriculáronse en Trabajo de Fin de Grao 81 persoas das cales defenderon o seu traballo 72 alumnos/as. Do total de defensas, 8 celebráronse na convocatoria de febreiro, 49 en xuño-xullo e 15 en setembro (1 de Curso Ponte).

No curso 2022-23, foron presentadas a Comisión de Avaliación Previa de Traballos Académicos tres solicitudes para

desenvolver Traballos de Fin de Grao. Destas obtiveron o informe previo favorable de cumprimento dos requisitos exixidos dúas, que foron enviadas naquel entonces ao "Comité de Bioética da USC". Todas as solicitudes foron admitidas sen ningunha indicación de modificación por parte de dito comité.

Respecto ás dúas modalidades de presentación e defensa, distribuíronse da seguinte maneira, defensa ante tribunal 6 na convocatoria de xuño-xullo e defensa ante titor ou titora 8 na convocatoria de febreiro, 43 na convocatoria de xuño-xullo e 15 na convocatoria de setembro. Un total de 8 traballos non reuniron condicións para a súa defensa ou ben non foron presentados para a obtención do informe favorable do/a titor/a.

### 3.10- Resultados da aprendizaxe

A media da taxa de éxito no curso obxecto de análise neste documento á de 90,28%. En relación a esta media, oito materias do plan de estudos teñen unha taxa de éxito entre 70 e 80%, seis a teñen superior a 80% e inferior a 90%. O resto, e dicir 28 materias, a teñen superior ao 90%. Esta taxa está 3,5 puntos sobre a media da área de coñecemento (86,93) e 2,5 puntos superior á media da USC (87,67)

A media da taxa de rendemento da titulación é de 86,98%, e do conxunto de asignaturas, 28 teñen valores por encima desta media, e 14 a teñen inferior. A taxa de rendemento é superior en 10 puntos á media da área de coñecemento (79,9) e de 6 puntos en relación á media da USC.

En relación a taxa de avaliación do curso 22-23 o dato obtido polo centro é de 96,34 o que supón 5 puntos superior á media da área (90,98) e case 6 puntos por riba da media da USC (91,58).

As taxas neste apartado, en relación ao Grao en Trabajo Social son superiores ás medias tanto da área de coñecemento como da USC, situación que se ven mantendo nos últimos cursos.

### 3.11- Satisfacción do alumnado

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida foi de 4,16 sobre 5, superior á do curso pasado que fora de 3,93. O valor acadado no curso 2022-23 está na liña dos valores do título para os cursos anteriores á pandemia covid 19. En todos os items a valoración foi superior a 4, agás no referido a asistencia a clase e que esta sexa proveitosa para a comprensión dos contidos da materia que baixa a 3,85.

De interese é de destacar a taxa de participación no proceso de avaliación da docencia recibida que foi de 61,59% do alumnado, fronte ao 17,7% do curso anterior. Ao longo deste curso puxéronse en marcha iniciativas para incrementar a participación e obter uns resultados o máis representativos posibles. Para isto, tanto no primeiro como no segundo cuatrimestre a Coordinadora de Título e os/as coordinadores/as de curso informaron nas aulas ó alumnado da apertura e duración dos prazos correspondentes. Xunto con esta acción, a posibilidade de participar en ditas enquisas foi difundida a través de carteis nas distintas aulas, así como nos puntos informativos do Centro (taboleiro e web). Para facilitar e favorecer a participación este curso, no período establecido para cumprimentar as enquisas ampliouse o horario da aula de informática.

No se recibiron queixas ou suxestións a través de ningunha das canles establecidas para este fin.



#### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

##### 4.1. Persoal académico.

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:*

- *Suficiencia e adecuación: mantemento, cando menos, dos criterios incluídos nas memorias de verificación.*
- *Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.*
- *Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo.*
- *Formación do profesorado e mobilidade.*
- *Actividade investigadora.*
- *Detección de necesidades de persoal académico.*

##### 4.2. Persoal de apoio.

*Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio*

- *Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.*
- *Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.*

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

##### 4.1-Persoal académico

A principal limitación do profesorado do Centro é en relación á capacidade investigadora (só o 50% do profesorado tiña o título de doutor/a). A EUTS fixo unha forte aposta por elevar a porcentaxe dos profesorado doutor/a nos últimos cursos de tal xeito que na actualidade o 61,5% do persoal docente ten o título de doutor/a, e o 15,4% está a piques de defender a súa tese. O 76,9% do cadro docente, ten adicación a tempo completo e contrato indefinido. Esta evolución vese acompañada pola avaliación moi positiva da actividade docente por parte dos estudantes (4,16), así como unha satisfacción elevada do profesorado con respecto á docencia impartida (4,5).

##### Suficiencia e adecuación

A experiencia docente do persoal do Centro é elevada e estímase unhas capacidades óptimas neste sentido, e apréciase un interese crecente do persoal por desenvolver actividades de investigación. Con todo, estímase oportuno perseverar no seu fortalecemento. Para isto, a política de contratación do centro enfocouse na contratación de novo profesorado, doutor/a ou en proceso de lectura da tese doutoral, e reducir a carga docente do profesorado contratado. No curso 2022-23, incrementouse o cadro docente cunha persoa máis a tempo completo e de cara ao curso 2024-25 prevese continuar coa redución da carga docente do PDI, coa incorporación dun novo docente ou ampliación da adicación de persoal xa en activo no centro. A raíz do incremento de profesorado, a ratio de estudantes por profesor/a a tempo completo pasou de 34,5 a 31,5 pretendendo continuar nesta progresión gradual do número de PDI a tempo completo ata alcanzar os valores establecidos no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade (25 estudantes por profesor/a a tempo completo)

O 61,5% do profesorado supera os 15 anos de experiencia docente e o 38,4% posúe unha dobre titulación, é dicir, son titulados en Trabajo Social con outra titulación engadida.

##### Tipoloxía e formación do profesorado

No curso 22-23 foron docentes no Centro un total de 16 docentes, 9 en réxime de adicación exclusiva 4 con adicación

parcial e 3 como docentes de apoio para a titorización de TFG. .

O profesorado con adicación parcial impartiu o 13,64% dos créditos, recaendo o 86,36% da docencia no profesorado a tempo completo. Do profesorado do curso, 10 teñen a titulación de doutor/a.

Respecto ao profesorado asignado a 1º curso, o 83,3% son doutores e o 28,5% posúen outra titulación engadida á de Tráballo Social e cunha media de 15,5 anos de dedicación docente no centro.

Maioritariamente, o/a docente encargado/a dunha materia, imparte tanto a docencia expositiva como a docencia interactiva da mesma. Unha materia de 2º curso foi impartida por dúas docentes, e as materias Practicum e Tráballo de Fin de Grao que foron titorizadas por 6 docentes, e 11 docentes respectivamente.

En relación ás prácticas curriculares, todo o profesorado titor/a posúe a titulación de Tráballo Social, sendo este un requisito do centro. O 75% posúe ademais outra titulación máis (maioritariamente Socioloxía) e o 25% está en posesión do título de doutor/a. Pola súa parte, respecto ao profesorado asociado ao Tráballo de Fin de Grao, o 77,8% ten o título en Tráballo Social, 22,2% posúe outra titulación a maiores e o 66,7% conta co título de doutor/a.

O centro levou a cabo diversas iniciativas para lograr asinar un convenio coa USC que permita o acceso do profesorado da Escola aos cursos de formación ofrecidos ao persoal propio da Universidade, pero ata aquel momento, por diversas circunstancias, non deron froito. Por mediación do Delegado da Universidade, no curso 2023-24 tense recibido no centro comunicación da Dirección do Centro de Formación do Persoal, no sentido de que se están a elaborar convenios coas escolas adscritas para incluír ó profesorado das mesmas nos programas de formación do profesorado.

#### Indicadores de satisfacción

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida obtense dos datos aportados pola ACMP, a través do indicador IN47G e o Informe INF15. A media global ten un valor de 4,50 que é similar ao obtido nos cursos anteriores. O valor do índice de satisfacción coa titulación arroxa un resultado de 4,26. Todos os ítems alcanzan un valor de 4 agás o que fai referencia á asistencia regular do alumnado ás clases, que obtén un valor de 2,86, o máis baixo da serie.

#### Formación do profesorado e mobilidade

En cada curso académico, no mes de maio, o Centro oferta un curso ao profesorado sobre unha temática de actualidade vinculada á acción social. Dito curso tamén se lle oferta as persoas que exerceron como titoras externas de prácticas tanto nese ano como no curso anterior. En relación ao acceso á formación, propónse unha acción de mellora (AM 4) para que, tanto o profesorado como o persoal do centro teña acceso á formación ofertada pola USC.

Ningún/ha docente participou, neste curso, en programas de mobilidade.

#### Actividade investigadora

Para fortalecer e potenciar a capacidade investigadora do profesorado, propónse a acción de mellora AM 1.

O profesorado investigador do Centro participa en grupos de investigación alleos ao mesmo. No curso de referencia a participación en eventos científicos ou publicacións foi:

- Ponencia no II Congreso Internacional. Educación crítica: hacia una práctica inclusiva y comprometida socialmente coa ponencia "El Trabajo Social en el Sistema Educativo: Profesión para la promoción de la justicia social"
- Divulgación científica do proxecto g-night Ciencia en el bar
- Publicación de artigos en las revistas "Terapia Ocupacional de Galicia", "Health & Social Care in the Community", "Servicios Sociales y Política Social", "European Journal of Social Work", "European Conference of Social Work Education", "Health and Addictions/Salud y Drogas", "revista Atlántica. Revista Internacional de Estudios Feministas"; "Cadernos Brasileiros de Teraois Ocupacional", "Vivat Academia. Revista de Comunicación", "Edquidad Internacional Welfare Policies and Social Work Journal", "Revista Educare"



- Publicación dun capítulo do libro “Trabajo social, nuevas tecnologías y educación en el ámbito digital” – Editado por Revista Aranzadi
- Publicación de dous capítulos do libro “Intervención psicosocioeducativa en las distintas etapas del ciclo vital” – Editorial Aranzadi
- Publicación de dous capítulos do libro “Violencia simbólica en las campañas contra la trata, una forma de sexismo institucional – Editorial Dykinson

#### Detección de necesidades de persoal académico

O compromiso do Centro é a progresión gradual do número de PDI a tempo completo ata alcanzar os valores establecidos no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade (25 estudantes por profesor/á tempo completo). En relación a este apartado, está prevista unha acción de mellora, a AM 3 que terá continuidade en cursos sucesivos.

#### 4.2-Persoal de apoio

No curso 22-23 contouse coa colaboración como persoal de apoio de 3 docentes como titoras para os Traballo de Fin de Grao.

#### Accións para promover a formación do persoal de apoio

Nas xestión que se están a realizar ante a USC en relación á participación do PDI nos programas formativos propios da Universidade, se inclúe a necesidade de que dito acordo/convenio contemple tamén ao persoal de apoio e servizos posto que parte do seu traballo está relaciona cos procesos e ou enclaves dixitais propios da USC:

#### Indicadores de Satisfacción

.Non se dispón de datos exclusivos en relación ao persoal de apoio. A valoración da satisfacción das 3 docentes que exerceron funcións de apoio incluíuse na valoración do profesorado coa docencia impartida.

## Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

**5.1 Calidade nos recursos materiais e servizos.** Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:

- *Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.*
- *Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.*
- *Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos de reprografía; bibliografía recomendada, etc.*
- *Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.*

**5.2 Orientación académica e programa de acollida.**

**5.3 Xestión académica.** Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

**5.4 Prácticas externas.** No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**5.5 Satisfacción nos recursos e servizos.**

*Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.*

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

### 5.1 Calidade nos recursos materiais e servizos

Considérase que o centro conta con instalacións suficientes para asegurar a calidade da docencia, e que estes espazos son adecuados para o desenvolvemento das actividades formativas tendo en conta a distribución media do alumnado por grupos de docencia expositiva e interactiva. A biblioteca considérase que está ben dotada.

